

UD3. OS BORBÓNS EN ESPAÑA.

Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814

1. FILIPE V E O CENTRALISMO BORBÓNICO (1700-1746)

- 1700: Guerra de Sucesión. Enfrontamento polo trono español entre Filipe de Anjou e o arquiduque Carlos de Austria pola morte de Carlos II sen herdeiro.
- 1713-14: Tratado de Utrecht.
 - Filipe de Borbón rei de España (Filipe V).
 - Perda das posesións en Europa (Flandes, Luxemburgo, Milán, Nápoles, Sicilia e Sardeña).
 - Perda de Xibraltar e Menorca a favor de Inglaterra.
- 1724: Abdicación en **Luis I** e volta ao trono.
- Centralización política e administrativa.
 - Fin dos privilexios de Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña.
 - **DECRETOS DE NOVA PLANTA** ⇒ Asimilación a Castela de Cataluña, Mallorca e Aragón.
 - Desaparición dos fueros e institucións propias.
 - O castelán convértese na lingua administrativa.
 - Centralización e uniformización do Estado.
 - Supresión de alfándegas e sistema xurídico común.
 - *Lei Sálica*: transmisión do trono ao varón.
 - Reorganización administrativa:
 - Redución dos Consellos.
 - Menor papel das Cortes.
 - Secretarías de Despacho (orixe dos ministerios).
 - Intendentes: Representantes do rei nos territorios para cumprir as súas ordes.
 - Política exterior para recuperar territorios.
 - Alianzas con Francia (*Pactos de Familia*).
 - Territorios para os fillos con Isabel de Farnesio (Carlos, rei de Nápoles e Sicilia).

2. FERNANDO VI (1746-1759)

- Política exterior de paz e neutralidade fronte a Francia e Inglaterra.
- Importante papel dos ministros (Secretarios de despacho).
- Reorganización da Facenda:
 - ✓ Mellora da recadación.
 - ✓ Rexistro dos habitantes e a riqueza (Catastro de Ensenada).
- Mellora da Armada para aumentar o prestixio internacional ⇒ Estaleiros de Ferrol e Cartaxena.
- Control do Estado sobre a Igrexa ⇒ Proposta de candidatos para bispos.
- Obras públicas.

3. CARLOS III E O REFORMISMO ILUSTRADO (1759-1788)

- Formación de gobernos ilustrados que tratarán de unir o absolutismo monárquico coas novas ideas ilustradas (*Todo para o pobo pero sen o pobo*).
 - Ministros: Esquilache, Aranda, Floridablanca, Jovellanos.
 - Reformas para aumentar a riqueza do país e mellorar a vida dos habitantes.
 - Apoio de sociedades ilustradas: Sociedades Económicas de Amigos do País ⇒ Asociacións xurdidas para difundir coñecementos técnicos e científicos da Ilustración e elaboraban propostas de melloras económicas.
- Melloras na agricultura.
 - Posta en cultivo de novas terras (Serra Morena).
 - Novas técnicas, sementes e regadíos.
- Fomento das actividades artesanais.
 - Proteccionismo: política económica que protexe a produción interior fronte a importacións.
 - Talleres e manufacturas reais para reducir importacións de bens de luxo.
 - Apoio á industria popular: tecidos, curtidos.
 - Recoñecemento da honorabilidade dos traballos artesanais (1783).
- Apoio ao comercio.
 - Liberdade de circulación de produtos.
 - Mellora dos camiños.
 - Fin do monopolio de Sevilla-Cádiz no comercio con América ⇒ **Decretos de Libre Comercio**.
- Fomento da educación.
 - Escolas para aprender un oficio.
 - Institucións culturais e científicas: Academias, Xardín Botánico, Observatorio Astronómico...
- Expulsión dos xesuítas (1767).
 - Voto de obediencia ao Papa.
 - Importante papel no ensino.
- Renovación urbanística ⇒ Madrid.
- Alianza con Francia contra Inglaterra
 - Guerra dos Sete Anos (1756-63) ⇒ Perda de Florida.
 - Guerra da Independencia dos EE.UU. (1776-83) ⇒ Recuperación de Florida e Menorca.
- **Problemas:**
 - Resistencia a algunhas medidas ⇒ Motín de Esquilache (1766).
 - Sospeitas da Inquisición pola difusión das novas ideas ilustradas.
 - Lentitude das reformas ⇒ Os máis radicais piden un cambio máis drástico do sistema político e social.

4. OS BORBÓNS EN GALICIA

- **Intendencia** do Reino de Galicia (A Coruña):
 - Mellora das fortificacións.
 - Abastecemento do exército.
- Defensas costeiras.
- Estaleiro e arsenal de Ferrol
- Servizo de correos marítimos con América (1764).
- Autorización ao porto de A Coruña para o comercio con América (rutura do monopolio de Sevilla).
- Ataques ingleses:
 - 1719: Ataques ingleses en resposta ao intento de invasión de Escocia para recuperar o perdido en Utrecht.
 - Ataques a Ferrol fracasados.

FIDALGOS E COMERCIANTES

- **FIDALGOS**
 - Control do poder municipal e xudicial.
 - Patrimonio reflectido nos pazos.
 - Riqueza procedente das rendas (foros).
- **COMERCIANTES**
 - Comercio con América.
 - Iniciativas empresariais de non galegos:
 - Fábrica de Sargadelos ⇒ Siderurxia fracasada por oposición de fidalguía e campesiñado, e pola competencia dos altos fornos vascos.
 - Cataláns ⇒ Novas técnicas de pesca e salgadura nas Rías Baixas.

A ILUSTRACIÓN EN GALICIA

- Difusión grazas a eclesiásticos (Feixoo, Sarmiento) e fidalgos (Cornide, Pedro Antonio Sánchez).
- Propostas moderadas:
 - Crítica aos privilexios sociais.
 - Obstáculos que impiden o desenvolvemento: miseria campesiña, impostos excesivos, malas comunicacións, ignorancia...
- Preocupacións:
 - Mellora da agricultura e gandaría.
 - Defensa da pesca galega.
 - Potenciación da actividade artesanal.
 - Fomento da educación.
 - Renovación científica para superar o atraso.
- Institucións ilustradas:
 - Real Consulado (1785) ⇒ Iniciativas para o desenvolvemento económico.
 - Sociedades Económicas de Amigos do País (Santiago, Lugo) para o fomento económico e cultural.

5. CARLOS IV E A CRISE DA MONARQUÍA ESPAÑOLA

Á morte de Carlos III, en 1788, sucedeulle o seu fillo Carlos IV. O novo monarca deixou o poder nas mans da raíña M^a Luisa de Parma e do primeiro ministro Manuel Godoy. Aos poucos meses da súa chegada ao trono, o inicio da Revolución Francesa provocou o temor entre os gobernantes españois ante a posible extensión da revolución. Deron marcha atrás á política de reformas, pecharon as fronteiras con Francia e prohibiron as publicacións que fixeran referencia a ese suceso.

En 1793, con motivo da execución do rei francés Luis XVI, España declaroulle a guerra a Francia. Os franceses ocuparon algunhas prazas do NE peninsular, o que obrigou a Godoy a asinar a paz de Basilea (1795). En 1807, polo **Tratado de Fontainebleau**, España permitiu o paso polo seu territorio ás tropas francesas de Napoleón co argumento de dirixirse cara a Portugal. Unha vez en solo español, o exército francés ocupou puntos estratéxicos da Península.

O pobo español rexeitou a política de Godoy e, en marzo de **1808**, produciuse un **motín en Aranjuez**, cos partidarios do futuro Fernando VII en contra do primeiro ministro. Carlos IV destituíu a Godoy e abdicou no seu fillo, **Fernando VII**. Napoleón aproveitou os problemas entre a familia real para conseguir a renuncia de Fernando VII aos seus dereitos ao trono español (abdicacións de Bayonne) e proclamou como rei de España ao seu irmán Xosé Bonaparte, que reinará como **Xosé I**.

6. GUERRA CONTRA NAPOLEÓN

A invasión das tropas francesas provocou o levantamento do pobo de Madrid o **2 de maio de 1808**. A súa expansión a outras cidades supuxo o inicio da **guerra da Independencia**. A pesares diso, os franceses controlaron a situación e Xosé I instalouse en Madrid.

Constituíronse as **Xuntas Provinciais de Defensa**, dirixidas desde Cádiz pola **Xunta Suprema Central**. A partires de 1812 os españois, axudados por tropas inglesas, lanzaron unha gran ofensiva, derrotando aos franceses nas batallas de Arapiles, Vitoria e San Marcial, obrigándoos a repregarse ao outro lado dos Pireneos. Napoleón recoñeceu no **Tratado de Valençay (1813)** a **Fernando VII** como rei de España e das Indias.

As principais **consecuencias** da guerra foron económicas e ideolóxicas: 250000 mortos, paralización do comercio con América, ruína económica, e o nacemento de dous grupos, seguidores de correntes ideolóxicas enfrontadas: os abolutistas, partidarios da tradición e inimigos dos cambios políticos e sociais; e os liberais, que defendían a necesidade dunha Constitución e que querían acabar co Antigo Réxime.

7. CORTES DE CÁDIZ E CONSTITUCIÓN DE 1812

A Xunta Suprema Central convocou **Cortes**, iniciadas en **Cádiz** en 1810. O 19 de marzo de **1812** os deputados, con maioría de liberais, elaboraron a primeira Constitución española. Recollíanse os principios de soberanía nacional, separación de poderes (executivo, lexislativo e xudicial), igualdade ante a lei (fin da sociedade estamental, cidadáns con dereitos e deberes) e dereito de sufraxio universal. O traballo revolucionario das Cortes de Cádiz completouse coa abolición da Inquisición e dos privilexios da nobreza e do clero (abolición dos señoríos con desaparición dos dereitos e as xustizas señoriais), a prohibición da tortura, e a supresión das probas de limpeza de sangue para acceder a cargos públicos.

Os "**afrancesados**" e os "**patriotas**": Aos poucos españois que apoiaron o goberno de Xosé I Bonaparte, o *Rei intruso*, chamóuselles, de forma despectiva, *afrancesados*. Este grupo, considerado como traidores á súa patria, estivo integrado na súa maioría por ilustrados, desexosos de introducir reformas na vida española, membros da nobreza, do alto clero e funcionarios. A maioría do pobo español opúxose aos franceses, e coñecéronse como *patriotas*. Moitos, ante a falta dun exército regular, formaron partidas soltas ou guerrillas, que loitaban pola súa conta contra os franceses e actuaban en comarcas concretas.